

Tróita

Nº 16

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xullo 2014



Oroso esixe dous colexios iguais

"O Concello de Oroso vai estar sempre a carón dos pais e nais do CEIP de Sigüeiro, apoiando as súas reivindicacións dun ensino de calidade e de que Oroso conte con dous centros escolares cos mesmos servizos". Son palabras do concelleiro de Ensino, Antonio Leira, de apoio ás **mobilizacións** convocadas dende a ANPA A Nosa Escola tras o anuncio da **Consellería de Educación** de que o novo colexio non contará ni con servizo de comedor nin transporte escolar e de que non ten asignado profesorado ningún, polo que haberá que desdobrar o actual. Un anuncio feito na última semana do curso e que motivaron unha rápida mobilización das familias de Oroso baixo os lemas: "Cole novo, si. Mesmos servizos si", "Non máis recortes" e "Comedor para todos".



Manifestación da ANPA do CEIP de Sigüeiro

Antonio Leira explica que "estamos falando dun problema global de calidade no ensino de Oroso para os vindeiros anos. Estamos moi satisfeitos por poder contar cunhas novas instalacións educativas despois de case 6 anos de atrasos por parte da Xunta pero o que non podemos ter é dous centros públicos que ofrezan servizos diferentes pois iso suporía un agravio para as familias que teñan que levar aos seus fillos a un centro ou a outro". **"Non queremos un colexio A e un colexio B"**, queremos dous centros iguais tal e como estaba previsto dende o principio", explica o concelleiro de Ensino. Pola contra, confirma que "dende o Concello seguiremos cumprindo coas nosas obrigas no novo colexio para que poida entrar en servizo o vindeiro mes de setembro, pero estaremos sempre a carón dos veciños na defensa dun ensino de calidade".

Axenda: Xullo

3

Apertura de inscricións na quenda de agosto do Verán Lúdico

7

Inicio do campus de Fútbol do RC Celta.
Inicio curso CMS Joomla

31

Fin da exposición Goisorosoarte (Góis)

4

Fin do prazo de inscrición no campamento de verán en Ribadeo

11

Fin do prazo de inscrición na Aula de Música de Oroso
Inicio de Goisorosoarte (Góis)

e en agosto...

Especial Semana Cultural de Oroso

5

II Festival Folclórico "Parque do Carboeiro", ás 18:00 horas

21

Fin das inscricións na quenda de agosto do Verán Lúdico
Inicio do curso de Opencart



O Concello inviste 39.000 € en melloras na piscina

Un dos compromisos adquiridos polo alcalde Manuel Mirás cos veciños de Sigüeiro no **"Encontro co alcalde"** foi o de mellorar a piscina municipal. Unha petición que hoxe xa é unha realidade grazas a un investimento de 39.000 euros feito polo Concello en actuacións de reparación e mantemento das instalacións e colocar uns novos xogos acuáticos, que de seguro disfrutarán especialmente os máis pequenos este verán. E nas próximas semanas instalarase un novo tobogán na piscina.



Os pequenos do Diververán estrearon os xogos acuáticos da piscina



Actuación dos combos e da orquestra infantil da Aula de Música de Oroso

Aberto o prazo de renovación de praza na Aula de Música



O Concello de Oroso informa de que xa está aberto o prazo para a **renovación das matrículas** dos alumnos/as da Aula de Música para o curso 2014/15. Os impresos xa poden descargarse na páxina web do Concello de Oroso e a documentación deberá entregarse no rexistro municipal do Concello de Oroso antes do 11 de xullo. O pago da matrícula, que ascende a 70 euros, poderase afrontar ben de xeito total ou ben fraccionado, abonando o 30% antes do 11 de xullo e o resto entre o 25 de agosto e o 5 de setembro. O Concello de Oroso establece descontos para familias numerosas, familias monoparentais e nos casos nos que participen dous irmáns na actividade. Máis información na oficina de Cultura do centro cultural de Sigüeiro.



Oroso pide manter a parada da Avenida da Grabanxa

O Concello de Oroso negocia coa Dirección Xeral de Mobilidade o **mantemento da parada** de transporte metropolitano na Avenida da Grabanxa por razóns de interese público e económicas. "Entendemos que o cambio da parada é contraria ao interese público e prexudica aos usuarios da liña, xa que suporía un maior desprazamento dos usuarios de Sigüeiro ata a parada proposta", xustifica o alcalde Manuel Mirás. Ademais, a substitución suporía un prexuízo económico ao Concello ao ter que cambiar a marquesiña actual.



A Xunta propón eliminar a actual parada



Manuel Mirás, durante a presentación da Liña Verde Oroso

Novo servizo do Concello para avisar de incidencias en Oroso



O Concello de Oroso vén de poñer en marcha **"Línea verde"**, "unha canle de comunicación directa e de balde entre os veciños e o Concello para resolver pequenas incidencias no equipamento urbano máis próximo e para solucionar calquera tipo de dúbida medioambiental que lle xurdan", explica o alcalde Manuel Mirás. Para acceder basta con conectarse á web www.lineaverdeorosocom, ben a través de ordenador ou de dispositivo móbil.



Oroso traslada ao sábado 12 de xullo o II festival folclórico "Paseo do Carboeiro"

O Concello de Oroso organiza a segunda edición do festival folclórico "Paseo do Carboeiro", que terá lugar o sábado 12 de xullo no marco natural do parque do Carboeiro a partir das 18:00 horas. Unha iniciativa coa que "queremos recuperar o espírito dos festivais folclóricos que se facían hai anos na Illa do Refuxio, dando a coñecer a nosa música e as nosas tradicións e disfrutando dunha xornada de festa e confraternidade, tal e como aconteceu na primeira edición", explica o alcalde de Oroso, Manuel Mirás. A xornada comezará ás 18:00 horas coas actuacións dos grupos orosáns Lembranzas do Tambre e Néboas no Cumio, colaboradores na organización do festival xunto a Buxos Verdes (que non poderá asistir por problemas de axenda). Como grupos convidados, este ano actuarán "Vive lo nuestro" (Badajoz) e o grupo de baile Agrocobo (Muros), que toman o relevo de "La Flor del Azafrán" (Toledo) e Xacarandaina (A Coruña), convidados na primeira edición. Ao rematar, haberá unha gran foliada e durante toda a tarde haberá servizo de bar, churrasco e empanada.



O Concello ofrece 22 prazas para o campamento de verán

O Concello de Oroso ten aberto o prazo de inscrición para o seu campamento de verán, que terá lugar do 5 ao 12 de agosto en A Devesa (Ribadeo) e que está dirixido a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos. Ofrécese un total de 22 prazas, con preferencia para os veciños e veciñas empadroados/as en Oroso. O prazo de inscrición estará aberto ata o 4 de xullo e no caso de que haxa máis peticións ca prazas, farase un sorteo.



A demisión da Comisión pon en perigo as festas do Sacramento

O Concello de Oroso informa da disolución da comisión de festas de San Andrés de Barciela-Sigüeiro "debido á escasez de colaboración por parte da meirande parte do veciñado" e a súa decisión de deixar feita a Festa de Santa Eufemia (16 de setembro) pero non a do Sacramento (31 de agosto). Os membros da disolta comisión ofrécese a axudar a todas aquelas persoas que queiran asumir o mando dunha nova comisión.



Educaoroso potencia no verán a oferta formativa en novas tecnoloxías

O Concello de Oroso, a través do seu portal educativo Educaoroso, vai potenciar durante este verán a súa oferta formativa en novas tecnoloxías. Nestes momentos xa está en marcha o curso "Constrúe o teu camiño cara o emprego utilizando as novas tecnoloxías. Emprego 2.0", que volverá a repetirse nos meses de setembro (edición de mañá) e de outubro (edición de tarde). Uns cursos para os que xa está aberta a matrícula, así como para os obradoiros "Crear e publicar en Internet. Xestión de páxinas web con Joomla" e "Crear e publicar en Internet. Xestión de tendas virtuais con Opencart", que terán lugar ao longo do mes de xullo. Todos eles terán unha duración de 20 horas lectivas que se impartirán na aula CEMIT do Concello de Oroso.



Alumnos e alumnas do curso "Emprego 2.0", que rematará o 31 de xullo

Así mesmo, **Educaoroso** estuda convocar tamén cursos de GIMP, ofimática e redes sociais, cuxas datas serán publicadas en breve. Todos os veciños e veciñas que desexen participar nalgún destes cursos ou conseguir máis información poden dirixirse á aula Educaoroso (Rúa do Deporte, 7 en Sigüeiro). Os impresos de matrícula poden descargarse da páxina web (www.concellooroso.com) e hai que envialos ao mail: educaoroso@concellooroso.com.

Foi noticia...



Éxito do Día do Deporte

Máis dun milleiro de veciños e veciñas desfrutaron do I Día do Deporte, no que os nosos clubs deportivos homenaxearon aos seus **mellores deportistas**. O Concello tamén realizou unha homenaxe ao fundador do Tambre Bike e aos directivos e ex-directivos do Sigüeiro FC.



Reducir 2,5 toneladas diarias de lixo. Éste é o ambicioso obxectivo do Concello de Oroso para a súa **campaña de reciclaxe**, que coñeceron en primicia os membros da asociación da terceira idade.



Un total de 35 meniños da gardería da Ulloa participaron nas xornadas de **Educación Viaria** do Concello de Oroso. Tras superar as probas, os pequenos posaron orgullosos cos seus "carnés" de conducir.



Unha vintena de maiores aprendeu a facer unha reanimación cardiopulmonar básica nun curso de primeiros auxilios no marco dos **"Martes saudables"**, programa que volverá tras as vacacións de verán.



Unha dúcia de rapaces e rapazas do IES de Oroso, baixo o nome artístico de "Queixo e marmelo", debutaron con éxito nisto do teatro coa peza "Os vellos non deben de namorarse". Noraboa e moita merda!



"Teatro cativo" é o nome escollido polos nenos e nenas do obradoiro municipal de teatro para o seu debut sobre os escenarios. A súa representación de "Romeo e Julieta: famosos namorados" foi moi aplaudida.



Manuel Mirás e Diego Calvo asinaron un **convenio** de colaboración polo cal a Deputación da Coruña achegará 105.000 euros para a reurbanización da rúa Tambre (Sigüeiro). O Concello achegará outros 30.000€.